

## A NOSA TRADICIÓN ORAL 24

### *A MOURA DA MINA*



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

**NOME DO DOCUMENTO:** MPG\_TrOr\_0054\_021\_en\_0\_40\_15\_id693\_D  
**AUDIO DE REFERENCIA:** MPG\_TrOr\_0054\_021\_en\_0\_40\_15\_id693.mp3  
**TIPO DE DOCUMENTO:** Etnográfico xeral  
**MATERIAL DISPOÑIBLE:** Audio mp3 e transcripción

**DATA DE RECOLLIDA:** 1994-1995

#### LOCALIZACIÓN:

**Parroquia:** Currás  
**Concello:** Tomiño  
**Provincia:** Pontevedra  
**País:** Galicia

#### INFORMANTE:

**Nome:** Barreiro, Carmen  
**Idade no momento da recollida:** ca. 71 anos  
**Lugar e data de nacemento:** 1923, Sanguñeda (Mos)

**RECOLLEDORA:** alumna do IFP Francisco Sánchez

**COMPILADORES:** López González, Xosé (profesor IFP Francisco Sánchez - Tui)

**COLECCIÓN:** A Nosa Tradición Oral. Fondos propios do Museo do Pobo Galego.



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

## CONTEXTO

En 1994, o Museo do Pobo Galego presentou á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria un proxecto sobre a tradición oral, a desenvolver a través da escola. O programa comprendía dúas fases: un curso teórico previo para os profesores, e o traballo de campo, a realizar ao longo do ano escolar. A actividade, homologada pola Consellería, iniciouse coas sesións teóricas, celebradas entre o 7 e o 10 de novembro de 1994 nas dependencias do Museo. Durante os meses de novembro do 94 a maio do 95 desenvolveuse o traballo de campo, no que participaron profesores e alumnos de 24 institutos das provincias de A Coruña e Pontevedra. No ano 1995 realizouse a ordenación e clasificación da información recollida, de xeito que permitira o estudo, selección e elaboración de materiais para a confección dunha guía didáctica (publicada no 1996 polo Museo) e a formación dunha base de datos para fins de investigación conservada no APOI. (Referencia: A NOSA TRADICIÓN ORAL. Museo do Pobo Galego, 1996). A publicación constaba dun folleto e unha cinta magnetofónica, que reproducía unicamente unha breve selección das gravacións efectuadas por alumnos de centros escolares da Coruña e Pontevedra na fase de traballo de campo do programa *Recupera-la tradición oral: un proxecto interactivo museo-escola*.

## NOTAS DA TRANSCRICIÓN:

Para a transcripción respetouse tanto a oralidade como as formas de expresión propias da zona e da informante. No texto utilizouse a letra cursiva para as partes nas que a informante reproduce o diálogo da historia contada.

**TRANSCRICIÓN DO TEXTO E EDICIÓN DA PRESENTE FICHA:** Isabel Vigo Rodríguez

**CLASIFICACIÓN:** Lenda de mouras

## PALABRAS CHAVE

Lenda , moura , mina , fonte

## TRANSCRICIÓN



- Eu cuando vin para aquí, ... había... contábanme a min, que disque había na Moura unha ... unha moura dentro da mina. Bueno, e que antes iase á fonte a buscar aghua alí e foi unha muller e pediulle unha bola de pan, saliu ela pola mina pa fora, onde salía a aghua. Disque estaba escondida unha moura alí, cando foi a gherra daqui, ou... ou naqueles tempos. E a min contoume a difunta de tía María que había unha moura. Unha moura é unha mora, sería, estaba dentro da boca da mina ...alí na Moura que sale unha fonte.

- Si, ya, ya.

- Había unha fonte, un lavadouro para lavar e unha fonte alí na Moura. E disque foi unha muller alí a buscar aghua e que lle dixo, Aurora Vente, ou non sei quen foi, e que lle dixo: “-*Ai miña filla! Traeme unha boliña. Vas a cocer?*”, dixo: “-*Vou!*”, non sei se era a nai de Aurora, se quen era, de Aurora Vente. Dixo: “-*Traeme unha boliña.*”, cun pelo mui largho, mui largho. “-*Traeme unha boliña cando cozas. Traeme unha boliña*”. E dixo ela: “-*Ai!*”, ela quedou así media asustada e dixo: “-*Non te asustes, non te asustes. Isto é, é unha moura que escapei e estou escondida aquí dentro da mina*”. E entón a min contábame a difunta de tía María, e que colleu e que coceu e levoulle a bola de pan, unha boliña feita así de pan de millo. E colleu e díxolle: “-*Ai! Ai miña filla, gbracias*” e colleu o bolo e escapou pa dentro, da mina. Non sei se é verdá si no. E tamén había un cementerio aí, nos medos.

- Ah, si.

- Había un cementerio, eu no acordei, contábanme elas cando viñan. E decía a nai da tía Aurora, a abuela da... da Pilar a do panadeiro, a abuela, nai non, abuela, que lle decía cando ian co ghado alá pa as Vades, ou iso. Había un camiño pola Moura pola... por riba da Moura por alí por onde hai os medos...

- Si, ya sé, ya sé.

- ... fixeron aquelas excavacións e todo. E que lle dicía “-*Mira, non vades polos medos que alí un cementerio, e alí hai un cementerio e pódese asustar o ghado e mais vos, non vades por alí. Ide pola recta do Bispo pa baixo*”, pola recta do Bispo non, por alí pola, por onde, por Salgueira pa baixo, “*Ide por Salgueira ob*”, que alí había un regho un carreiro e onde había as excavacións. “*Que mirai que alí había un cementerio.*”

- E que había un cementerio.

- E?



Museo  
do Pobo  
Galego

- E que había un cementerio.

- Había. *“Había un cementerio e pódesevos asustar o ghado, non vaiades por alí. Ide por salgheira para abaixo. Ide polo camiño non vaiades por aí polo carreiro”.*



instituto de  
estudos das  
identidades